

CATÁLOGO

CARPETA 08.CAT

NORMAS DE PROTECCIÓN DE CADA NIVEL

Informe da non procedencia

A Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 que se está a tramitar - que se sitúa no nivel do planeamento de carácter xeral- non altera as normas de protección establecidas para os distintos elementos catalogados presentes no ámbito da modificación:

O CASTRIÑO DE CONXO

- Nivel de planeamento xeral:

Non se alteran as condicións recollidas no Plan xeral vixente.

- Nivel de planeamento de desenvolvemento:

As novas condicións que podan resultar dos traballos de investigación arqueohistórica que se van a levar a cabo no ámbito con carácter previo á aprobación do plan parcial incluíranse no catálogo do propio do plan parcial.

O CAMIÑO PORTUGUÉS

- Nivel de planeamento xeral:

A adaptación do PXOM ao trazado definitivamente aprobado dos distintos camiños de peregrinación será obxecto dunha Modificación puntual do PXOM de carácter específico, que estudará o conxunto de trazados e a súa incidencia nas determinacións do PXOM vixente. No marco deste traballo efectuarase a corrección do Catálogo do PXOM que resulte procedente e estableceranse as normas de protección que resulten pertinentes.

- Nivel de planeamento de desenvolvemento:

As condicións de catalogación e normas de protección específicas que poidan corresponder ao tramo do Camiño Portugués incluído no ámbito do Plan parcial do SUD 9-10 incorporaranse no catálogo do propio do plan parcial, en coherencia coas determinacións que poida establecer o planeamento de carácter xeral específico elaborado para a adaptación do PXOM ao trazado definitivo dos Camiños de Santiago.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Esther Sánchez Espiñeira, arquitecta
Asinado electronicamente